



ANEXO C
INFORME DE RESULTADOS
ACTIVIDADE DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

Nº DE PROTOCOLO: 2015/100

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE:

Avaliación do comportamento de cultivares tradicionais de leituga galega fronte a cultivares comerciais en cultivo exterior con distintas datas de transplante.

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA/PARTICIPANTE:
(centro de investigación/CFEA/OAC...)

INGACAL. Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

Enderezo: Estrada Betanzos-Santiago de Compostela Km. 7,5 San Tirso de Mabegondo.

Concello: Abegondo.

Provincia: A Coruña.

4.- RESPONSABLE:

Tfno.: 881 881 801

Manuel López Luaces

5.- INTRODUCCIÓN:

As condicións climáticas galegas fan do cultivo da leituga unha das principais alternantivas de outono-inverno dentro dos invernadoiros. Nos últimos anos apréciase un incremento de produción de leituga en exterior dadas as condicións meteorolóxicas suaves das primaveras e veráns galegos.

No Banco de xermoplasma do CIAM dispoñemos de tres cultivares tradicionais de leituga trocadero (feáns, miño e lugo), dos que non se posúen datos de carácter agronómico. Para un coñecemento máis polo miúdo do comportamento destes cultivares planeouse este campo de ensaio con dous obxectivos moi claros:

- Avaliar o comportamento produtivo de tres cultivares tradicionais de leituga galegas, fronte a catro variedades comerciais (2 trocaderos, unha batavia e unha folla de carballo).
- Definir os ciclos e adaptación dos cultivares galegos fronte a tres datas de transplante:
 - ✓ Abril
 - ✓ Maio
 - ✓ Xuño

6.- MATERIAL E MÉTODOS:

O ensaio realizouse nunha parcela do CIAM. A fertilización e os tratamentos fitosanitarios foron os normais para un cultivo de leituga en exterior. Para o control das malas herbas realizouse un acolchado plástico, a rega foi mediante un sistema a pinga e o marco de plantación foi de 0,30 x 0,30 m. As datas de sementeira e plantación foron as seguintes:

1ª Data:

Sementeira: 06.03.2015.
Transplante: 06.04.2015.

2ª Data:

Sementeira: 07.04.2015.
Transplante: 12.05.2015.

3ª Data:

Sementeira: 11.05.2015.
Transplante: 09.06.2015.

Os cultivares empregados foron:

Cultivar	Casa comercial	Tipo leituga
Miño	Cultivar tradicional	Trocadero
Lugo	Cultivar tradicional	Trocadero
Feáns	Cultivar tradicional	Trocadero
Maloire	Gautier	Trocadero vermella
Elytis	Gautier	Batavia
Kountry	Gautier	Trocadero verde
Eluarde	Gautier	Folla carballo

O deseño do ensaio foi de bloques o chou con tres repeticións. Cada parcela elemental constaba de 12 plantas por cultivar. Os datos tomados durante o ensaio foron os seguintes:

- % de fallos en plantación.
- % de plantas floreadas.
- Peso total da planta.
- Peso comercial da planta.
- Altura do talo.
- Diámetro do talo.



Imaxe 1.- Fotos de parcelas elementais.



7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Nas Táboas 1, 2 e 3 amósanse os resultados que se obtiveron en cada data de plantacións:

Táboa 1.- Resultados do primeiro transplante.

Cultivar	% fallos	% floreadas	Peso total (g)	Peso comercial (g)	% Rendimiento	Anchura tallo (cm)	Altura tallo (cm)
Maloire	5,5	0	185,9 a	161,9 a	90,3	21,7 a	26,2 a
Eluarde	2,8	0	191,0 a	164,9 a	86,3	21,8 a	30,7 ab
Feans	5,5	0	194,8 a	176,4 a	90,6	24,3 ab	34,7 b
Kountry	13,9	0	221,9 a	196,6 a	88,6	21,6 a	34,2 b
Lugo	8,3	0	272,9 b	245,8 b	90,1	25,7 b	40,1 c
Elytis	24,8	0	300,5 bc	257,5 bc	85,7	25,3 b	34,2 b
Miño	3,6	0	311,4 c	287,1 c	92,2	27,3 b	34,6 b

*Cifras seguidas pola mesma letra dentro da mesma columna non presentan diferenzas significativas para $P \leq 0.05$ segundo Ducam.

Táboa 2.- Resultados do segundo transplante.

Cultivar	% fallos	% floreadas	Peso total (g)	Peso comercial (g)	% Rendimiento	Anchura tallo (cm)	Altura tallo (cm)
Maloire	19,44	2,77	103,5 a	89,4 a	86,4	18,1 a	29,4 a
Eluarde	22,22	0	110,2 a	94,0 a	85,3	19,7 ab	26,1 a
Feans	50	50					
Kountry	13,88	0	189,6 c	171,8 c	90,6	20,6 b	29,2 a
Lugo	41,66	58,32					
Elytis	33,33	0	155,3 b	138,9 b	89,4	20,7 a	28,6 a
Miño	40,04	0	117,9 a	108,9 ab	92,4	17,7 a	26,8 a

*Cifras seguidas pola mesma letra dentro da mesma columna non presentan diferenzas significativas para $P \leq 0.05$ segundo Ducam.

Táboa 3.- Resultados do terceiro transplante.

Cultivar	% fallos	% floreadas	Peso total (g)	Peso comercial (g)	% Rendimiento	Anchura tallo (cm)	Altura tallo (cm)
Maloire	15,8	86,2					
Eluarde	11,1	74,9	110,2 a	94,0 a	95,1	16,3 a	29,9 ab
Feans	0	63,9	95,3 a	85,1 a	89,3	17,7 ab	34,1 ab
Kountry	19,4	2,8	170,3 b	149,1 ab	87,5	19,7 b	26,5 a
Lugo	0	100					
Elytis	0	72,2	115,0 a	108,7 ab	94,5	18,0 ab	31,1 ab
Miño	2,8	58,3	175,0 b	161,8 b	92,4	20,5 b	38,7 b

*Cifras seguidas pola mesma letra dentro da mesma columna non presentan diferenzas significativas para $P \leq 0.05$ segundo Ducam.

Os cultivares tradicionais tiveron un mellor comportamento que os cultivares comerciais na primeira data de plantación realizada, con pesos maiores cos comerciais, salvo o que se refire o cultivar Elytis. Na segunda e terceira plantación os cultivares tradicionais Feáns e Lugo comportáronse moito peor que os cultivares comerciais. O número de fallos nos transplantes foron moi superiores na terceira e segunda plantación (máis intensos nesta última) debido a un ataque de toupas na parcela de ensaio.



En canto os rendementos das cabezas (% do peso comercial en relación o peso total) non atopamos grandes diferenzas entre os cultivares tradicionais e os comerciais, oscilando sempre entre un 85 e 95% en calquera das datas de plantación.

A subida a flor nos cultivares tradicionais, a medida que se retrasa a data de plantación, e moi superior en relación os cultivares comerciais, salvo no cultivar Miño. O cultivar Kountry (trocadero verde) foi o de mellor comportamento nas tres datas de plantación, sendo moi resistente o espigado e destacando sempre coma un dos cultivares de maior rendemento comercial.

Na altura e anchura do talo, que segundo a bibliografía poden indicar unha maior ou menor tendencia o espigado dos cultivares, non atopamos unha relación clara en ningunha das plantacións, xa que non existían moitas diferenzas significativas entre os cultivares para estes valores pero pola contra si que hai un comportamento dispar en canto o espigado.

8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

Dentro dos cultivares tradicionais galegos o cultivar Miño é o único que presenta resistencia o espigado, podéndose producir o longo do ano tanto en invernadoiro (outono-inverno) como no exterior (primavera-verán). Os outros dous cultivares Feáns e Miño parecen ter só aptitude como cultivares de inverno dentro dos invernadoiros pois en datas de transplantes posteriores a maio hai grandes perdas debido a súa facilidade de espigado a medida que aumentan as temperaturas. Dentro dos cultivares comerciais Kountry destacou pola súa versatilidade independentemente da data de plantación, con bos resultados en canto a rendementos e escaso número de plantas espigadas.

Non se atopou unha relación clara entre a medida da altura e diámetro do talo en relación a facilidade de espigado dos cultivares tal como apuntaba a bibliografía consultada.



Imaxe 2: Cultivar tradicional Feáns



Imaxe 3: Cultivar tradicional Miño.



Imaxe 4: Cultivar tradicional Lugo.



Imaxe 5: Plantas espigadas cultivar Feáns.



Imaxe 6: Plantas espigadas cultivar tradicional Lugo.

9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:

Mabegondo, 30 de outubro de 2015.

Asdo:



Manuel López Luaces.